

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Determinación da relación de cargos que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles

ANUNCIO

DETERMINACIÓN DA RELACIÓN DE CARGOS QUE SE DESEMPEÑARÁN EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA ASÍ COMO AS RETRIBUCIÓN QUE CORRESPONDEN A CADA UN DELES

O Pleno do Concello de Melide, na sesión extraordinaria do día 9 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: determinación da relación de cargos que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles

O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, caso no que serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. E o artigo 75 bis regula o réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo isto nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

A maiores, os membros da Corporación que asuman a dedicación exclusiva ou parcial non percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que formen parte, sen prexuízo da percepción das indemnizacións que correspondan noutros supostos.

O artigo 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece os límites aos que se suxeitará a prestación dos servizos nos Concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros.

Logo de ver o informe favorable de intervención municipal de ref.: 288M/2019, de data 4 de xullo de 2019, que leva por asunto: "Determinación da relación de cargos que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles", así como o certificado de existencia de crédito de ref.: 289M/2019, desa mesma data.

Tendo en conta todo o anterior formúlase a seguinte PROPOSTA ao PLENO DE RETRIBUCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS:

1.-Os cargos electivos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva son os que de seguido se indican, coas retribucións que lles corresponden, segundo se sinala na seguinte táboa

Cargo	Dedicación	Retribución bruta anual
Concellaría de Promoción Económica, Facenda, Industria, Traballo, Seguridade Cidadá e Medio Rural	Exclusiva	34.000,00 €
Concellaría de Política Social, Igualdade e Saúde	Exclusiva	30.000,00 €
Concellaría de Urbanismo e Deportes	Exclusiva	43.000,00 €
TOTAL		107.000,00 €

As retribucións anuais sinaladas distribuiranse para a súa percepción en catorce pagas anuais iguais, correspondéndose con doce pagas mensuais e 2 extraordinarias, da mesma contía, a percibir nos meses de xuño e decembro.

2.-As retribucións anuais sinaladas revisaranse anualmente, sen necesidade de novo acordo plenario adicional e con efectos de 1 de xaneiro, na proporción que determinen os orzamentos xerais do Estado para as retribucións do persoal ao servizo do sector público.

3.–Para a aplicación do réxime de dedicación aos membros da Corporación que ostenten ou sexan nomeados nos cargos referidos, estes deberán aceptar expresamente a dedicación, caso no que esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre. No caso de non aceptarse a dedicación no prazo de tres días hábiles desde a notificación do acordo correspondente, entenderase rexeitada e ao concelleiro de que se trate lle será de aplicación o réxime previsto no apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985.

4.–Publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o presente acordo.

Melide, 11 de xullo de 2019.

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

2019/6269

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Percepción por asistencia efectiva ás reunións da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

PERCEPCIÓN POR ASISTENCIA EFECTIVA ÁS REUNIÓN S DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno do Concello de Melide, na sesión extraordinaria do día 9 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: percepción por asistencia efectiva ás reunións da Xunta de Goberno Local.

Primeiro.—Os membros da Xunta de Goberno Local, agás os que perciban retribucións por adicación exclusiva ou parcial, percibirán 150 €/sesión por asistencia efectiva ás sesións, cun límite máximo de 4 sesións mensuais e, de celebrarse máis dunha sesión no mesmo día, unicamente se terá dereito ao cobramento dunha asistencia.

Segundo.—De conformidade co previsto no art. 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, os membros da Corporación que realicen desprazamentos por razóns de servizo terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido no Grupo 1 do RD 462/2002 e demais normas posteriores de actualización.

Terceiro.—Incorporar o presente acordo nas bases de execución do orzamento municipal.

Cuarto.—Publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o presente acordo.

Melide, 23 de xullo de 2019.

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

2019/6270